# ATALAIA

## XORNAL ESCOLAR - Nº 1



Pídenme dende o equipo de normalización lingüística do centro, formado desta revista "AIRIÑA", que teño nas mans, que escriba unhas palabras para darlle unha benvida á nosa comunidade educativa. Difícil tarefa! (o meu son os números non as letras).

Ante todo quero felicitar a todos os "xornalistas e ilustradores" e aos seus profes pola ilusión e o esforzo á hora de facer o traballo para a revista, traballo no que puxeron todo o seu empeño en facelo ben.

Nesta vila de San Cibrao tamén temos unha alfaiata, onde se aloxa un [illegible] para [illegible] os [illegible] dos nosos [illegible] a la pelle. Dende hoxe, no CEIP de Cervo nº1, temos outra [illegible] "AIRIÑA", na que [illegible] [illegible]

[illegible]

continuidade a esta revista (prezada ilusionante para todos) ao longo dos anos, para que esa "luz" que brilla na nosa "ATALAIA" a faga coa nosa lingua por bandeira e como escribiu Celso Emilio Ferreiro (este ano 2012, está adicado a el) no seu poema "DEITADO FRENTE AO MAR", un día todos xuntos podamos dicir e sentirnos orgullosos:

"Lingua proletaria do meu pobo,
eu faloa porque sí, porque me gosta,
porque me peta e quero e dame a gaña;
porque me sai de dentro, alá do fondo..."

Por todo isto Avante e a toda vela!

Un bicado garimoso

[signature]

# O XARDÍN DE 3 ANOS

IKER E. · RUTH · YAGO · EDGAR · NURIA · IKER T. · CRISTIAN · DARÍO · DANIEL · CECILIA · ADÁN · SARA

TEÑO UN XARDÍN
CON MOITAS FLORES
NEL MEDRAN ALTO
FROITOS E CORES
TEÑO UNHA ROSA
NUNHA ROSEIRA
QUE BOTA FLORES
PARA QUEN AS QUEIRA



# RIMAN AS FLORES



MARTÍN

O XACINTO PONSE UN CINTO.
O IRIS DORME NO ARCO IRIS.
A MARGARIDA FÍXOSE UNHA FERIDA.
O CARAVEL DEBUXA NUN PAPEL.



ALBA



MAFALDA



VICTORIA



IREA

A ROSA BAILA CUNHA OSA.

O NARCISO COCIÑA UN GUISO.

O TULIPÁN COME PAN.

A DALIA BAILA

CON AMALIA.






O XIRASOL MIRA Ó SOL.












A VIOLETA VAI EN BICICLETA.
O PENSAMENTO
COME UNPEMENTO.
O XAZMÍN LEVA POSTO
UN CALCETÍN.

APAPOULA E AS LILAS
POÑENSE EN FILAS.






# UN PEQUENO PASEO A MANCHESTER






MANCHESTER ESTÁ A 1340 KM




FÁLASE INGLÉS

A MOEDA NON É O EURO,




É A LIBRA OU POUNDS.

CHOUVE MOITO





ALÍ É UNHA HORA MENOS

A SÚA CATEDRAL

É

MOI FAMOSA





MANCHESTER TEN CANAIS

PICCADILLY GARDEN É O CENTRO



TEN 2 EQUIPOS DE FÚTBOL:

MANCHESTER CITY

E MANCHESTER UNITED

OS BUSES URBANOS SON DE 2 PLANTAS





CIRCULAN POLA ESQUERDA

FAN COLAS

PARA TODO





PRECISAMOS ADAPTADORES

PARA OS ENCHUFES

SEMPRE ESTÁN

DANDO AS GRAZAS

E PEDINDO PERDÓN.






GRAZAS A LUCÍA

COÑECEMOS UN POUCO

DE MANCHESTER.

6º EDUCACIÓN INFANTIL

(5 ANOS)

# NA BUSCA DO TESOURO DE SAN CIBRAO



Autores:

Alumnos de 1º de Primaria

# NA BUSCA DO TESOURO

Si eres un bo detective, seguirás as pistas e atopararás o tesouro agochado no colexio.
Sigue as 7 pistas e o tesouro será teu!

Pista 1-

BU5C4 D3841X0 DO 708064N 3 470P4R45 UNH4 80T3LL4 C0N UNH4 P4L48RA 536R3D4 N3C354R14 P4R4 4 S36U1N73 P15T4.

** Complicado? Substitue os números por letras e poderás ler a mensaxe cifrada. Non o pillas? Por exemplo; o número 4 corresponde á letra "A". Non se parecen?*

---

*Sete pezas tes que atopar,*
*Se o puzle queres completar*



# A MAMÁ O NENO E O LADRÓN

Un dia estaba Tomi paseando co seu can Chichigugua polo parque e foron a pizzeria.

Comeron unha pizza e beberon un batido de fresa.

Foron para a casa porque os esperaba a súa Mamá.
Deitáronse porque era de noche e escoitaron un ruido.
Pensaron que era un ladrón e asustáronse moito
Saíron á rúa e non había ningún ladrón...
¡Era o gato da veciña!



Fabio 1º

OS NENOS/AS DE SEGUNDO GÚSTANOS MOITO LER LIBROS E COMENTÁLOS COS COMPAÑEIROS NA CLASE. POR ISO, CO MOTIVO DA CELEBRACIÓN DO DIA DO LIBRO, CADA UN DE NOS ESCOLLEMOS O NOSO LIBRO FAVORITO E COMPARTÍMOLO CO RESTO DA CLASE.
COMO NOS GUSTOU TANTO A EXPERIENCIA, DECIDIMOS QUE SERÍA MOI BONITO QUE TODOS SAIBADES QUE NOS GUSTA LER E PORQUE VOS RECOMENDAMOS QUE OS LEADES.
¡ESPERAMOS QUE VOS GUSTE!



**Bambi y dos cuentos más**

**- Susaeta Ediciones, S.A.**

**Literatura infantil/Cuentos Clásicos infantiles/Varios autores**

¡Bambi que felices estaban todos!
A xoven parella de cervos
ti veran un cervatos, Bambi.
Pero viñeron os cazadores e
mataron a nai de Bambi.
Bambi medrou e atopou
unha compañeira.
Gustoume moito porque Bambi
salvouse.

MICHÉLLE






[illegible]
[illegible], Editores/as literarios
[illegible], Ilustrador
[illegible], Ilustrador
Ed. Kalandraka Editora



Trata sobre uns cabritos que viviam nunha casa
Había un lobo que quería comelos e os cabritos
estaban asustados. Loitaron contra o lobo e
gañaronlle o lobo estaba acabado e non podía
co fato. Este [illegible] o mais divertido e ten mais
aventuras ca este

SAMUEL



ANIMALES,DESCUBRE Y JUEGA

- TIC-TAC. ED. MACMILLAN VV.AA

E un libro moi bonito trata de aprender
cousas sobre os animais e ten adiviñanzas
aprendese moitas cousas sobre eles Tendes que
lelo porque vades aprender moitas cousas.



RAÚL





La vuelta al mundo en 180 adivinanzas

[illegible] (Autor)

Volta ó mundo en 180 adiviñas

Era moi interesante e trata
sobre adiviñas de todo o mundo
por Moscú, China, Pekín, Brasil
hai 180 adiviñas. E gustome moito
porque ao mesmo tempo que aprendes
adiviñas coñeces lugares raros do mundo.
E mais desa aprendiches moita se ledes unha
unha pregutadelle coma faga eu.



**20 cuentos escogidos / Doblado, Ana**

Publicación: Susaeta

Materias: Contos fantásticos

un día o corvo estaba collendo entre unha e unha
ovella pero non puido despois levarona o cárcere.
Asi comenza a primeira de moitas historias
divertidas que ten este conto.
Asi que tendes que lelo.





**AUTOR: MAY, KARA**
**EDITORIAL:** EDELVIVES EDITORIAL LUIS VIVES
**AÑO: 1998**
**NÚMERO PÁGINAS: 96**



A Bruxa do gato
Este conto tratase de unha bruxa que se chama
Mari e o gato chamabase Mino - reixaron para
reineir. Iban voando polos aires encima deunha
vasoira e a mino o gato que se lle rizaban as bigotes.
Di Mino: ¿que tal unha tenda de campaña? non dice
Mari. Eu quero que teña moitas escaleiras!
sempre o que digas e non eu di Mino
cando chegamos. Mino xa chegamos! e
mais rápido. E a e a cidade chamabase Brutil e
Mari cambioulle o nome por Brujil e deronlle unha
casa.




Recomendoche que leades este libro porque
e mais divertido ledeo!




O soño do osiño rosa

**Roberto Aliaga**
**Helga Bansch - Ilustradora**



O soño do osiño rosa
Era un osiño que choraba moito porque
perdeu o seu soño e recuperouno grazas
a un mouchu amigo. Deberiades lelo por
que ten uns debuxos mais bonitos e a
historia e mais divertida.

Silvia



**EL MONSTRUO DE LA LLUVIA. COL. PIRATAS DE EL BARCO DE VAPOR**

ALEIXANDRE, MARILAR EDITORIAL: CESMA, S. A. AÑO DE EDICIÓN: 2003 PÁGINAS: 32



O mostruo da chuvia

Unha noite Chis viu ao maustro da chuvia. Ao caer a noite, cando todos os rapazes e rapazas empezaran a durmir recorre todas as ruas da cidde. Asexanda palas chemeneas, ventas e canalens. Circulando silenciosamente por las oscuras turros. Buscando para quitadla a sal e a azucar sale da sua casa co seu paraugas bermello, e non se molbava nada de nada. Este libro te ensinache a combatir os medos. E moi guai este libro.

Ana



Astérix en la India: El cuento de las mil y una horas
Autor/es: Uderzo (Fismes, France, 1927) / Mora, Víctor (Barcelona, 1931)
Editorial: Ediciones Junior, S.A. 1987
Serie: Una aventura de Astérix nº 28



Astérix en la India

Este libro trata de dous homes galos chamados Astérix e obélix. Un dia o bardo do pobo Asuronaturix veu o pescadeiro dixo mirade un paxaro morado! e dixo Asuronaturix non o un paxar e unha alfombra. e de repente, da alfombra salea um home pedindolles axuda para ir desde a Galia asta a India para facer chover.

A si que rapaces lede este libro porque e moi divertido e ten moita aventuras.

Roi





La vuelta al mundo en 180 adivinanzas

Sebastià Serra (Autor)

Mario

A volta a o mundo en 180 adiviñas

Era moi interesante e trata sobre adibiñas de todo o mundo por Moscu, China, Pekin, Brasil hai 180 adibiñas. E gustame moito porque ao mesmo tempo que aprededes adibiñas coñecede lugares novos do mundo. E mais desa aprendedes moito si ledes unha irmá preguntadelle como fago eu.



**20 cuentos escogidos / Doblado, Ana**

Publicación: Susaeta

Materias: Contos fantásticos

un día o corvo estaba collendo unha unha o unha ovella pero non puido despois levarono o cárcere. Así comenza a primeira de moitas historias divertidas que ten este conto. Así que tendes que lelo.



Dani






Álvaro

**La grúa, de Reiner Zimnik**

la grúa

Os concelleiros mandaronlle a un motorista que medira todas as gruas. Cando chegou dixo 42 metros. Un dos concelleiros dixo aquí construiremos una grua de 49 metros. Dios que grande! Os obreiros puxeron a construir a grua. A ocasa duns días xa estaba acabada, Inaugurada e a o seguinte Trenes, Barcos & camiós queremos cargar dixeron camioneiros, capitans e maqui-stos chegan o ome da gorra azul e subeu a grúa e cargonnos

Este libro e economico podes aprender moitas cosas hay algun animal. leedeo xa veredes



**MULÁN - MULÁN**
Editorial EDICIONES GAVIOTA, S.L.



O conto trata dunha rapasa que tiña que facer unha prova, para ser raiña. Enton prendeulle lume o ci e chegou a casa arrepentida, cortou o pelo uneuse ao exercito e nombranora do exercito. Logo loitou cos hunos. Ao final gañoulles, pero volveron, gañoulles outra veez e arrodillaronse e volveu para súa casa.

Lede este conto porque mola moito é vai de aventuras.

Elisa



**Astérix El Galo (R. Goscinny A. Uderzo)**
**Editorial Salvat. La Gran Colección. Año 2011.**

Los romanos han ganado en todos los pueblos menos uno en que vive Asterix y su amigo Obelix.

Los romanos mandan a un soldado para que se haga amigo de los galos.

Los galos tienen una poción mágica que les hace imbencibles y el romano lo quiere averiguar.

Al final siempre ganan Asterix, Obelix y sus amigos



David



**EL GRAN LIBRO DE LOS ANIMALES CON 535 ILUSTRACIONES A TODO COLOR- FAUNA DEL TODO EL MUNDO**
**TEXTO DE JANA HORACKOVA SUSAETA-AÑO1989**

Tratase dun libro de animais hai trescientos doce paxinas. ten 563 ilustracions. Aprendese moito tamen aprendese casi todos os animais do mundo. Ten erizos, mariposas...
Sabiades que hai un animal que se chama marta?
Tendes que leelo porque e moi interesante.



Eva




ANDREA QUERE SER MAIOR

DE XOSÉ COBAS, XOSÉ CARBALLUDE BLANCO.

EDITADO POR EVEREST GALICIA, S.L.




Andrea é unha nena que querga ser maior, e un dia
preguntoulle a seu pai como podia ser maior. Seu pai
lle dixo que que tiña que estudar, dormir ben e que tiñ
e que comera ben. Andrea colleu o seu libro de letr
e empezou a estudar: A, E, I, O, U, A, B, C, D, E, F e G: Andrea vai
durmir e durme asta as doce. Entón despois de vir do
colexio foi co seu pai a casa e Andrea xa
foi cerca. Entón o seu pai colleu unha maleta e l
deu a Andrea e da maleta saleu un mago e levo
a Andrea a un país donde os nenos eran maiores.
Andrea cando volveu xa era maior.

Recomendovos que leades este libro porque
Moi bonito, interesante, guay, con debuxos moi
bonitos. Ten cousas moi gradosas e ten a letra
perfecta



**EL VIAJE SUBMARINO DE LOS XUNGUIS**

RAMIS, JUAN CARLOS; CERA, JOAQUÍN

EDICIONES B

El viaje semarino de los xunguis.
Trata duns bonecos que queren esplorar a terra, pero
teñen un enemigo o capitán fungios, que ten 24 ascubo
es para chegar a Atlantida e robar as figuras de o
ro pero os acuaxunguis impidena.
Rapaces! recomendovos este este libro porque ten moitas
aventuras, e é idelo poar xenial lenda.



MI ENCICLOPEDIA DE LOS CACHORROS SM
FIGUERAS, EMMANUELLE / FIGUERAS, EMMANUELLEIL.
EDICIONES SM



Este libro trata de los animais, ensinache os nomes que non sabes, e que che gustaría saber. O lado conta o que lles gusta comer, como se protexe, onde nacen e ademais fan unha foto do animal. Invitoveos a que o leades, porque este libro ten moitos animais que ti non sabes.



Zoe




**Vaite de aí, cara de queixo!**
**Autor:** Geronimo Stilton
**Editorial:** Destino Infantil & Juvenil
Publicación: 2011

Vaite de aí, cara de queixo!
Era un día moi bon. Facía calor e Geronimo Stilton, que así se chama o personaxe, saíu da casa e unha vella deulle co paraugas na cabeza a Geronimo Stilton.
Geronimo queixouse, pero seguiu andando e encontrou a Leiteiro patas. O xefe do supermercado Midequeixos, foi comprar: ~~queixo~~ ovos e pan para comer. De primeiro: queixo con ovo e de postre pan. Cando chegou ó seu traballo. (O Eco do Roedor, o periodico mais famoso da Illa dos ratos)
Non cerrou a porta e soou o teléfono. Stilton dixo. -Aquí Stilton. -Estás despedido. -dixo Trufeiro Truques. -Xa e recuperarei. -Colgaron
E recuperouno votando a patadas a Trufeiro Truques
Lede este libro porque é moi guai.





José

EXCURSIÓNS ÓS BOMBEIROS DE CELEIRO

## Visita a os bombeiros

Os nenos de segunda
famos a ver un video para saber
mais cousas dos bombeiros. Ensinaronos
a diferenciar os camions, os tres tipos de
cascos, e que son de cor: Blanco, vermello
e amarelo. Dies pois saimos a fora
e ver outro grupo, e logo imos as suas
habitacions, o baño, a cociña e o salon.
Logo saimos a fora e ensinaronos os
camions que son tres e un coche.
A o final deixaron nos tirar as canas
co as mangueiras e fixeronnos unha
demostracion de como baixaban polas
esqaleras da caraian, e cunha corda.
Tamen pasamolo moi ben!




ANA E DAVID - 2º PRIMARIA

# Nomes con rima
## (Pareados)

Á miña compañeira Beatriz
gustalle ser actriz.
Nas vacacións Alejandra
vai ao zoo a ver un oso panda.
Onte pola tarde Marcos
foi ao porto ver os barcos.



O meu amigo Antonio
está feito un Demonio.
O curmán do meu amigo Fernando
ao aeroporto esta chegando.
O noso compañeiro Nicolás
oriéntase no monte co compás.
A miña veciña Marina
vai ao parque e patina



Ao irmán pequeno de Zaira
gustalle xogar na chaira.
Por favor Daniel
dame un caramel.
A nai de María
traballa nunha peixería

O meu irmán Ansel Galante
é forte coma un elefante.
A curmá pequena de Zaira Morandeira
colle as peras na pereira.
A miña veciña Conchita
está correndo na pista.

# POESIAS

## A BLANCA POMBA

A blanca pomba
quere ensinarnos
que un mundo sin guerra
temos que acadar.

Traemos ledicia
a Paz, o Amor
e quere que todos
vivamos mellor.






## A PAZ

A paz, chegou
ninguén sabe como foi
Gandhi loitou
e por iso morreu

(Nenas e nenos de 3º)

## QUIXERA SER AUGA

Gustaríame ser auga para baixar polos ríos e alimentar aos peixes.

Sería bonito ser auga para chegar ao mar e alí xogar coas baleas e os delfíns, formar olas que rompan nas rochas e que refresque aos bígaros e aos mexilóns que hai nelas.

Gustaríame ser auga para formar as nubes e caer delas en forma de choiva e así regar os prados, para dar de beber ás plantas e ás árbores.

Qué bonito sería ser auga! Ao chover volver aos ríos, aos mares, visitar aos meus amigos acuáticos.

ANTONIO



## QUIXERA SER UNHA NUBE



Quixera ser unha nube
para sobrevoar o ceo,
darlle vida as plantas
coa miña manta de auga..
Arrouparei ao ceo
coa miña manta de algodón,
o sol durme tranquilo
a lúa esperta feliz.





MARCOS

# Marco Antonio e os seus amigos

Marco Antonio estaba dando un paseo polo campo. Atopou ós seus amigos: Pedro, Laura, Fátima e o seu mellor amigo Carlos. E díxolles:

_Mañá é o meu aniversario e quero que vos veñades, por favor.

Eles contestaron:

-Siiii! Siii! Siii !siii)

Marco Antonio díxolles:

_Será mañá na pizzeria "Gugui" ás 05:30 h.

Espériovos as 05:00 h no parque Santa María.

Marco Antonio foi para a casa, ceou e deitouse pero non podía durmir porque estaba nervioso. Pola mañá cando se ergueu díxolle á súa mai:



- Hoxe nom quero ir á escola.
Preguntoulle súa mai.
- Porque fillo?
- Porque estou nervioso polo meu aniversario.
- Nom pasa nada, cando veñas xa será a hora de ir ao aniversario.
- Vale, vou ao colexio, así pasaráseme o tempo máis rápido.




Xa acabou a clase.
- É hora de ir ao aniversario de Marco Antonio.
As 05:00 h. xuntáronse todos no parque Santa María e xogaron a moitos xogos. Logo foron á pizzeria, comerom e cántaronlle o "cumpleanos feliz".

Tivo moitos agasallos. Xogaron con eles, pasárono moi ben, comeron chuches e chegou a hora de marchar.

Despedíronse e cada un foi para a súa casa.

Marco Antonio estaba feliz, fora un día

¡ESTUPENDO!



3º

Beatriz Botelho Melo

Atopa na sopa de letras oito deportes.

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| X | P | H | A | L | T | E | R | F |
| A | T | I | K | B | F | L | O | G |
| D | M | P | A | K | L | F | M | D |
| R | N | I | R | O | D | U | M | K |
| E | O | C | A | G | T | T | D | A |
| Z | T | A | T | N | C | B | N | K |
| W | A | T | E | R | P | O | L | O |
| K | F | R | B | V | E | L | A | P |
| M | N | T | E | N | I | S | T | S |

• Hugo, Joel e Diego 4º de primaria.

Atopa o nome de oito peixes.

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| N | S | P | T | M | O | D | B | S |
| U | B | R | P | N | C | N | A | A |
| T | R | O | I | T | A | R | C | D |
| A | R | D | A | N | D | G | A | A |
| D | T | A | O | I | M | O | L | C |
| A | O | B | Ñ | L | K | T | L | S |
| S | I | A | D | R | A | X | A | E |
| S | A | L | M | O | N | D | O | P |
| T | A | L | B | C | E | I | O | A |
| R | K | O | I | D | G | F | T | C |

Iván e Infon 4º de primaria.

Atopa o nome de sete palabras relacionadas co supermercado.

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| D | S | C | L | I | E | N | T | E |
| T | M | P | A | C | O | S | C | M |
| N | A | T | O | R | N | C | O | S |
| C | L | I | D | M | R | A | M | B |
| K | L | C | E | S | T | O | P | D |
| M | E | L | S | N | P | A | R | M |
| O | T | N | E | M | I | L | A | N |
| T | O | O | C | A | I | X | A | O |
| M | B | P | S | T | M | K | L | P |

Oscar e Maruxa. 4º de primaria

Atopa o nome da das froitas.

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| N | O | T | O | C | O | L | E | M |
| B | M | I | G | P | B | L | C | A |
| S | E | D | I | E | A | O | T | N |
| D | L | B | F | R | E | S | A | G |
| R | O | D | A | A | P | Z | S | O |
| D | N | N | O | I | A | K | A | M |
| S | X | T | P | M | I | W | I | K |
| A | C | O | C | O | R | D | C | O |

Bárbara, Jimena e Carolina.

1.º de primaria.

# LENDAS DA MARIÑA

5º Primaria

Estivemos lendo na clase de galego algunhas lendas de A Mariña. Escollemos estas tres. A ver se vos gustan!

## A Balea Xigante

Cóntase que hai moitos anos apareceu unha balea xigante pola costa de San Ciprián. O cetáceo axitaba con tanta forza a súa aleta que facía unhas ondas tan grandes que os salseiros pasaban por riba da Atalaia, e berraba tanto que se escoitaba a máis de dez quilómetros de distancia. Por iso os famosos baleeiros de San Ciprián tiñan medo e non se atrevían a ir matala e tampouco os mariñeiros ousaban saír a pescar. Mais o curioso era que a balea acougaba cando oía soar as campás da igrexa.



Abraham e Iván 5º

Non se falaba doutra cousa en toda a costa luguesa. Enterouse o Bispo San Gonzalo do caso da balea xigante e marcha para San Ciprián. Foi directo á praia da Caosa, e alí puido observar como a balea achegouse rápido pero sen varar na area, falando na súa lingua en voz baixiña. San Gonzalo conseguiu entendela e pidiu unha lancha; pero só un rapaz de quince anos se atreveu a levalo na súa dorna ata onde estaba a balea. Cando o bispo chegou onda ela, a balea abriu a súa enorme boca e Sa Gonzalo meteuse dentro da gorxa; ao pouco tempo, saíu e voltou para a lancha cunha imaxe da Virxe nas mans. Naquel momento a balea alonxouse nadando, tal e como viñera. Aquela imaxe é Nosa Señora do Pilar de San Ramón de Vilaestrofe, ata onde acudían en romaría, pola festividade, moitos veciños da Mariña Luguesa.

Ángela - 5º

# ADIVIÑAS

(Busca as solucións nos debuxos)

Anque me corten e corten
nunca me verás sangrar,
porque curáronme ao frío
e meteronme moito sal.





Unha señora
moi aseñorada,
sempre está na casa
e sempre está mollada.

Debuxou: Juan - 5º

## ( Busca as solucións nos debuxos )

Cargadas van,
cargadas veñen,
e no camiño
non se deteñen.





Golpe tras golpe
clavo tras clavo,
iso é...
o que eu fago.

Nun rincón da clase
onde eu estou colocada
tráesme os papeis
que non che sirven denada.





Cal é o animal
que tendo silla
non se pode sentar?



Polas barandas do ceo
camiña unha doncella,
vestida de azul e branco
e reluce como unha estrela.







Todos din que me queren
para facer boos xogados,
pero cando me teñen
danme sempre patadas.

Escribiron: Denis, Nacho, Cristian e Jose Manuel. 5º P

# A SERPE DO COÍDO

Andrea - 5º

Cóntase cunha serpe mariña xigante achegábase cada sete anos á ensenada de Coído, para poñer os ovos dos que sairían as súas crías. Era unha serpe de máis de trinta metros, que devoraba canto atopaba na súa viaxe e, se tropezaba con algún barco no traxecto, enroscábase arredor del e desfacíao. Logo tragaba aos mariñeiros, comezando pola cabeza, como acostuman a facer as serpes. Tan grande era que as súas escamas semellaban conchas de mexillón pegadas á pel e hai quen di que por riba do lomo, desde a cabeza ata a punta do rabo, tiña unha pelaxe vermella que brilaba co sal.




# O MONTE DA MEDELA

Andrea - 5º

Na medela, entre as parroquias de Regueira, concello de Xove, Lieiro e Castelo no concello de Cervo, viviron os celtas. Cando os romanos quixeron botalos comezou unha guerra. Os celtas resistiron, a pesar das baixas,

durante moito tempo. Os superviviente s cando viron que xa non tiñan forma de impedir a victoria dos soldados romanos, e antes de seren escravizados, subiron ó cumio do monte e suicidáronse con veleno sacado das piñotas cocidas dos teixos. Hai quen supón que esta Medela ben poidera ser o mítico Monte Medulio, e mesmo engaden que hai alí unha leira que chaman Teixide, que sería en orixe a teixoeira de onde sacaron o veleno aqueles celtas. Tamén se asegura que alí hai un tesouro agachado baixo a pel dun cervo, e que debaixo están as ruínas daqueles celtas que non quixeron ser escravizados polos romanos.




Iván e Abraham - 5º

# ACROSPORT

## Alumnos/as 6º

Acrosport provén do griego "acrobateo" que significa trepar ou escalar enriba de alguén. Require forza, equilibrio, flexibilidade, precisión e control do corpo. Por iso esta disciplina inclúese nos programas de adestramento de pilotos de aviación, astronautas e paracaídas.

Practícase por parellas, tríos, cuartetos, etc. e poden ser mixtos. Utilízase unha superficie de 12 x 12 metros, rodeada dunha zona de seguridade e o tempo de duración do exercicio é de dous e medio a tres segundos aproximadamente acompañada de música para facilitar a concentración dos alumnos.

A persoa que soporta o peso dos seus compañeiros chámase portor e o que sube enriba chámase áxil.

Esta disciplina é moi motivadora para os alumnos/as grazas a súa espectacularidade e a novidade dos contidos, dándolle a oportunidade de que os nenos/as organizen o seu traballo en grupos a partir da confianza mutua.

AS NOSAS PRIMEIRAS SENSACIÓNS FORON:

* "Foi emocionante e tamén moi divertido." (Jessica)
* "Unha experiencia inolvidable que me uniu os meus compañeiros." (Lucía)
* "Foi unha sensación inolvidable xa que foi a primeira vez que o fixemos." (Tania)
* "Sentinme xenial, sobre todo cando fixemos a figura final, foi espléndido." (Daniel)
* "Foi moi divertido e unimonos máis entre nós." (Leia)
* "Sentinme moi alegre, foi divertido e innovador." (Miriam)
* "Encantoume e gustoume moito." (Cristian)

Lucía 6º














BO
NADAL

# VALENTÍN PAZ ANDRADE

Este ano adicouse o día das letras galegas a valentín Paz Andrade.

Valentín Paz Andrade (1898-1987) foi un escritor que estudou bacherelato e Dereito, alí coñeceu a grandes escritores.

Fundou un xornal chamado Galicia, e contou coa colaboración de Castelao. No 1931 Valentín Paz Andrade ingresou no partido Galeguista. O 28 de xuño de 1936 aprobouse o estatuto de Autonomía de Galicia. En 1937 Valentín Paz Andrade fixose avogado, tamén dirixiu unha unha revista chamada "Industrias Pesqueras", e axudou a formar Pescanova no ano 1960, un dos primeiros barcos da empresa Pescanova bautizouse Andrade. Nas primeiras eleccións libres foi elexido coma senador, escribiu moitos libros sobre os problemas da pesca en Galicia e no mundo. Tamen escribiu poesía. O seu primeiro libro está adedicado a Alfonso Rodríguez Castelao.

Obras:




Miriam 6º

CRISTIAN




Cando saímos do colexio para ír ao correlinguas sentíame emocionada porque íamos a ver aos nosos amigos doutros colexios e aos de 6º que xa van en 1º da ESO.

Ao chegar a Viveiro baixamos do autobús e vimos moita xente tanto do colexio como do Instituto. Foron colexios de Foz, Burela, Cervo, Xove e San Cibrao ata do mesmo Viveiro.

O primeiro que fixemos foi dar un paseo por as rúas de Viveiro. E despois fomos a praza donde había un palco. Ao ír ao palco sentámonos e unha señora (a presentadora) colleu o micrófono e esplicounos que íamos xogar a un xogo, o xogo tratabase de adiviñar o enunciado dunha canción e cantamola.

Ao cantala díxolle a algunhas persoas que foran enriba ao palco para bailala e cantala. Despois da canción un señor rapeounos unha canción

en galego e foi moi bonita ao acabar o Rap, o señor baixouse e subiron unhas nenas do instituto a cantar unha canción.

Cando acabaron fomonos e cando viñamos no autobús cantamos algunha canción. Ao chegar xogamos no recreo e pasamolo moi ben.

Jessica 6º



# A Viaxe das Letras Galegas.




Un día 17 de maio, as letras galegas marcharón de festa, si si de festa todas. Pero a pobre "ch" colleu un resfriado. A festa prepararona entre todas, fixeron unha asemblea e falaron do que ían facer.

-O "b" bailou co M a muiñeira, e o "S", o "C", e o "L" cantarón. Chamábase o grupo "Solo Cantantes da Lúa", fixéronlo moi ben. A comida, trouxoa o E y a bebida o O, Trouxeron moitas cousas e moi ricas. O F, H, G e o Z unhas galletas moi ricas, un biscoito e algunhas rosquillas.

Pero o P, R e o Q non quixeron colaborar porque dixeron que debían estar no seu sitio, no mural; si no mural porque eles foron creadas polos alumnos de 6º de primaria do "Ceip Cervo nº 1" eles fixeron o mellor mural do colexio o votado por todos/as os alumnos do colexio e os profesores. Pero a boa do "U" os convenceu para que o pasasen ben e ao mural volveran pola tarde as 7:10 para a exhibición.

O I tocou a flauta, o A tocou o piano.

E o D, N e V quixeron sair fora de Galicia para conocer un pouco máis e fixerón un viaxe a

París. O X e o T colleron a viaxe e elixiron o hotel o mellor chamabase "Happy City ★★★★★" (ciudad alegre) de 5 estrelas.

-Bennnn, vamos ir de viaxe- Mormurou o B.

-A onde? Preguntou o S.

-Eu creo que a Londres- Dixo o Ñ.

-Non a Londres non, pero casi! Dixo o N.

-Vamos ahhh...- E gritaron o D, N e o V "a París"

-Pero habera que avisar a os nenos de 6º non? Dixo o Q preocupado.

-Tranquilo home xa está feito. Dixo o I moi espabilada.

E así foron a París, estiveron ali en París 1 semana e volveron a Galicia porque nada é como Galicia, galicia é o mellor con praia, campo e ciudade.



Iria

# Adeus ao cole, adeus!!!

Séntense unhas emocións fortes porque xa non ves todos os días aos teus amigos dos outros cursos e tampouco aos que repiten da nosa clase.

No instituto a xente, os compañeiros e os profesores cambian.

Os temas de materia da clase son máis difíciles e na túa clase irá xente nova que non coñezas ou que por algún motivo xa tes contacto con ela. Tamén hai asignaturas que hai no instituto pero non no colexio.

Cámbiase de centro e tes que aprender onde está cada aula...

-Tania 6º-



# RECOMENDACIÓNS DE LECTURA PARA O VERÁN

Durante o verán, temos moito tempo libre... tempo para ir á praia, para visitar aos avós, para xogar cos amigos e amigas... pero tamén para ler e nos relaxar!!!

Aquí tedes unha recolleita de contos, libros e albumes ilustrados que podedes descubrir ao logo de todas as vacacións. QUE PASEDES UN BO VERÁN!!!

## * * * * * * * PARA OS MÁIS PEQUENOS * * * * * * * *




**O ARTISTA QUE PINTOU UN CABALO AZUL**
**AUTOR: ERIC CARLE**
**(EDITORIAL KALANDRAKA)**

A liberdade creativa, o xogo cromático e o oficio do artista contado para os máis pequenos e en homenaxe a un dos pais do expresionismo pictórico.



**¡HOY LO HACE PAPÁ!**
**AUTOR: MICHEL BACKÉS**
**(EDITORIAL CORIMBO)**

Ana está moi contenta e quere xogar, pero a súa mamá está moi cansada... hoxe será o seu papá quen comparta con Ana os seus momentos de diversión.




**COLOREA Y MANCHA**
**AUTOR: HERVÉ TULLET**
**(EDITORIAL COCOBOOKS)**

Lápices, herba, pinturas, barro, froitas, ceras... este libro invita a explorar e "manchar" con cores, probar novos materiais, técnicas divertidas... e ata pintar cos ollos pechados!




**A VACA CONDESA**
**AUTOR: J.A. BELMONTES**
**(OQO EDITORA)**

Relato sobre a importancia do afecto cara un mesmo e tamén cara o contorna. Nel os animais expresan sentimentos e axudan á Vaca Condesa que require a atención de todos.




**YO QUIERO MI GORRO**
**AUTOR: JON KLASSEN**
**(EDITORIAL MILRAZONES)**

Un oso perde o seu gorro e lle pregunta aos animaliños do bosque. Todos contestan que non, ata o que o ten posto... Elexido un dos 10 libros mellor ilustrados do ano por"The New York Times Book Review"




**A VACA QUE PUXO UN OVO**
**AUTOR: ANDY CUTBILL**
**(PATASDEPEIXE EDITORA)**

Unha vaca quere facer algo diferente, e para elo contará coa axuda das súas amigas as galiñas... claro que a envexa non é boa conselleira... Final sorprendente!!

## * * * * * * * PARA OS PRIMEIROS LECTORES * * * * * * * *




**EN EL BOSQUE DEL PEREZOSO**
**AUTORA: ANPUCK BOLSROBERT**
**(EDITORIAL HIPOTESI)**

Precioso conto despregable que ensinará aos nenos e nenas a coidar e respectar a Natureza. .




**O INCRIBLE NENO DEVORADOR DE LIBROS**
**AUTOR: OLIVER JEFFERS**
**(PATASDEPEIXE EDITORA)**

Enrique é un neno co que lle encantan os libros, pero non como a calquer neno poden gustarlle...




**LOS COLORES DE DULARI**
**AUTORA: DULARI DEBI**
**(EDITORIAL KÓKINOS)**

Dulari conseguiu cambiar a súa vida a través dunha viaxe cara a maxia da arte... unha aventura que nos enseña a encher de cor a escuridade!




**O CREBANOCES**
**AUTOR: MARÍA CANOSA E DAVID PINTOR**
**(EDITORA PABLO ZAERA)**

Unha versión do conto de Hoffmann en formato álbume ilustrado e un bo xeito de que os nenos e nenas descubran a Tschaikovsky .




**1000 IDEAS PARA PINTAR, CONSTRUIR Y DIBUJAR**
**(EDITORIAL USBORNE)**

Un libro repleto de ideas orixinais para realizar diversas manualidades con diferentes materiais, explicadas ademáis mediante sinxelos pasos.




**EL SUEÑO DE LU SHZU**
**AUTOR: RICARDO GÓMEZ GIL (EDITORIAL EDELVIVES)**

Lu Shuz era unha nena que traballaba nunha fábrica de xoguetes. Ao principio colocaba as pezas diminutas das bonecas, pero cando creceu...

### Pero no verán, non só imos ler!! Co que nos gusta cantar e bailar...




**A NENA E O GRILO**
**(OQO EDITORA)**

Unha chea de cancións que trasladan aos nenos e nenas ao país das apertas. Melodías e letras para desfrutar en familia!!




**PELO GATO 24**
**(OQO EDITORA)**

A Asociación de Gaiteiros Galegos presentan temas tradicionais adaptados aos máis pequenos... imposible poder parar de bailar!!

## * * * * * * * PARA OS QUE XA SON EXPERTOS * * * * * * * * *



**EL DIARIO SECRETO DE PULGARITO**
**AUTOR: P. LECHERMIER**
**(EDITORIAL EDELVIVES)**

Historia inspirada no conto de Pulgarcito. Nel destacan as pinceladas de humor e as fantásticas ilustracións de "Rébecca Dautremer".




**O MISTERIO DO FARO VELLO**
**AUTORA: FINA CASALDERREY**
**(ED. XERAIS)**

Lorena e os seus amigos tentarán descubrir a orixe dunhas misteriosas luces que aparecen a carón do faro... poderán resolver o misterio?




**OS XOGOS OLÍMPICOS DE NINGURES**
**AUTOR: PINTO & CHINTO**
**(EDITORIAL GALAXIA)**

Estes Xogos Olímpicos pasarán a ser os máis divertidos e estrambóticos da histora. Os deportistas de este país nos deixaran a todos abraiados.




**MUCKI Y LOS HOMBRES DE BLANCO**
**AUTOR: T. A.. LABRADOR**
**(EDITORIAL LANGENSCHEIDT)**

A 1ª Novela interactiva da serie "Los Viajes de Mucki". Unha colección que busca espertar o interese dos nenos e nenas sobre outras culturas. (español-inglés)




**100 EXPERIMENTOS CIENTÍFICOS**
**(EDITORIAL USBORNE)**

Un libro para divertirse e experimentando ao mesmo tempo que se aprende sobre a ciencia. Ademáis os contidos se poden ampliar por medio de links en internet.




**20.000 LEGUAS BAIXO DOS MARES**
**AUTOR: T. A.. LABRADOR**
**(BAÍA EDICIÓNS)**

Adaptación da novela de Xulio Verne! Unha aventura fascinante a bordo do "Nautilus" achegará a os nenos e nenas a este clásico imprescindible.

**E como no verán non sempre fai sol para poder levar o noso libro á praia... aquí tedes algunha película par a ver neses días de choiva!**




**LOS MUNDOS DE CORALINE**
**(ANIMATION)**

A historia dunha nena que descobre un mundo mellor ao outro lado da parede.



**A CASA DA LUZ**
**(VIMBIO FILMES)**

As vacacións inolvidables duns nenos en Eiravella, unha zona entre o rural e o urbano.

# SUDOKU

**Coloca os números do 1 ao 4 de forma que non se repita ningún na mesma fila, columna ou rexión de 4x4.**

| | | | |
|---|---|---|---|
| | 2 | 4 | |
| 1 | | | 3 |
| 4 | | | 2 |
| | 1 | 3 | |





| | | | |
|---|---|---|---|
| | | 3 | |
| | 4 | | |
| | | 1 | |
| | 2 | | |






COLOCA AS FIGURAS CORRESPONDENTES
SEN REPETIR NINGUNHA NA MESMA
FILA, COLUMNA OU REXIÓN.

COMPLETA COS NÚMEROS QUE FALTAN
DO 1 AO 9 DE FORMA QUE NON SE REPITA NINGÚN
NA MESMA FILA, COLUMNA OU REXIÓN 9X9.

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 6 | 5 | 4 | 7 | 9 | | 1 | | 3 |
| 1 | | | 2 | 3 | 6 | 5 | 4 | 8 |
| 2 | 8 | 3 | 4 | | 1 | 6 | 7 | |
| 4 | | 1 | 6 | 7 | 9 | | 8 | 5 |
| | 9 | 7 | 1 | | 2 | 4 | 3 | 6 |
| 8 | 2 | 6 | 3 | 4 | | 9 | | 7 |
| | 4 | 2 | | 6 | 3 | 7 | 5 | 1 |
| 7 | 6 | 8 | 5 | 1 | 4 | 3 | 9 | |
| 3 | 1 | | | 2 | 7 | | 6 | 4 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | 4 | |
| 1 | | | |
| | | | 4 |
| | 3 | | |

COLOCA OS NÚMEROS DO 1 AO 4
DE FORMA QUE NON SE REPITA NINGÚN
NA MESMA FILA, COLUMNA OU REXIÓN 4X4.

# ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS AO LONGO DO CURSO 2011/12

Alá polo 12 de setembro arrancou o actual curso 2011/12 e con el todas as actividades que pasamos a lembrar. Logo dun mes de setembro de toma de contacto coas aulas despois do verán, chegou a actividade do **SAMAÍN** (28 outubro), onde realizamos un obradoiro de cabazas e a súa posterior exposición e visita na Biblioteca escolar. Houbo quen pasou un pouquiño de medo, pero todos disfrutamos desta tradición celta.

Co mes de novembro chegou o **MAGOSTO**, primeira festa degustación do curso. Primeiro fixemos unha xornada de xogos populares e tradicionais (pita cega, tira da corda, ...) para lembrar os xogos dos nosos antergos, rematamos a xornada coa degustación das castañas para repoñer enerxías.

Dentro do mesmo mes e aproveitando a boa climatoloxía realizamos unha saída ao contorno máis próximo, **O GUIONCHO**. Observando a beleza da ruta e os froitos típicos do outono na zona.

Nun abrir e cerrar de ollos chegamos ao **NADAL** para por punto e final ao primeiro trimestre do curso. Comezamos coa decoración da árbore de Nadal coa axuda das nosas familias, fixemos auténticas creacións artísticas, "a cabeza non para"... O 21 de Decembro tivo lugar o Festival de Nadal, onde todos e todas subimos ao escenario para agradar a compañeiros/as, mamás, papás, avoas, avós, irmáns, ... Unha vez rematada a nosa actuación, tivemos a visita de Papá Noel, que tivo un agasallo para todos nós. Finalmente, como somos moi comilóns, tivemos unha pinchada no comedor. Comezaban así unhas merecidas vacacións logo do intenso traballo.

Coa chegada do novo ano e despois de recargar as pilas, damos inicio ao segundo trimestre do curso. A primeira das conmemoracións foi o **DIA DA PAZ ESCOLAR** (30 xaneiro). Nesta xornada cada ciclo visualizou unha película de temáticas relacionadas coa Paz e a non violencia. Pola tarde, entoamos a canción "Paz, paz, paz" de Juanes. A continuación, pasamos á liberación dos globos de cores de cada alumno/a. Logo á mensaxe de cada ciclo e posteriormente á da pomba coa mensaxe oficial do cole neste día. Todos voaron moi algo e a saber onde remataron. E de novo a comer, grazas á *Asociación de Nais e Pais* do cole, degustamos unha gran chocolatada e podemos dicir aquelo de rico, rico!!!

En febreiro, celebraramos unha das grandes tradicións da cultura galega, o **ENTROIDO**. Na semana, previa fomos cumprindo cos "mandados do Meco" para ir animando o ambiente. O 17 de febreiro chegou o día do desfile, este ano a temática elixida foi "Estilos musicais" (Rock, Heavy Metal, Latino, ...). Pola mañá fixemos o xuízo e queima do Meco do Entroido. Pola tarde, puxemos as mellores galas musicais e a desfilar ante a presenza das nosas familias. Para variar, sabedes como rematamos? Correcto, degustando os postres típicos desta data.

Coa chegada da primavera, os alumnos/as do 1º e 2º ciclo pillamos o autobús e viaxamos a Viveiro para ver in situ o funcionamento dun **PARQUE DE BOMBEIROS**, xa que algúns de nós de maiores queremos ser bombeiros.

Seguindo coas forzas da orde pública, en abril, recibimos a visita da **GARDA CIVIL DE TRÁFICO** acompañados dunha moto, un coche e un furgón. Vivimos a experiencia de ver o seu funcionamento e subir neles e facer soar as súas sireas. Incluso creamos a incertidume no pobo. Pero,todo por aqueles que de maior queren ser policías.

En Maio, recibimos a visita dun ilustrador de prestixio, Abraham Carreiro. O seu si que é facilidade para tirar liñas e crear personaxes. Quedamos abraiados!!!. Grazas a el ata parece que debuxamos mellor.

Na víspera do día das Letras Galegas os alumnos/as de Primaria participamos en Viveiro no **CORRELINGUA 2012** pola defensa do idioma galego. Logo dunha pequena marcha polas rúas de Viveiro, DISFRUTAMOS (de verdade) da actuación de Iria Sobrado, Xenderal e do Concurso Galeoke. O noso cole foi do máis animado deste Correlingua.



Tampouco podemos esquecer a **XORNADA DO VOLUNTARIADO** organizada pola *Fundación Alcoa* e agradecer ao seu grupo de voluntarios a participación no pintado do patio cuberto do centro.

Salientar que a día de hoxe, aínda nos quedan por disfrutar algunhas actividades para dar o remate que se merece ao curso actual.

Agora a gozar do verán!!!

Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística

# CEIP "CERVO Nº1"

Estrada de Río Covo, s/n
27890 Lieiro - Cervo (Lugo)
Tlf. /Fax: 982594406
ceip.cervo.numero1@edu.xunta.es



## Curso 2011-2012

**Subvencionado por:**

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**O Equipo de Dinamización da Lingua Galega agradece a participación a todos os que fixeron posible a publicación desta edición.**